

PROGRAMACIÓN  
DIDÁCTICA  
DO

DEPARTAMENTO DE  
**FRANCÉS**

---

**CURSO 2022/23**

**CPI DO TOURAL**

# ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.....	3
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....	5
3. OBXECTIVOS.....	20
4. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.....	22
5. METODOLOXÍA.....	36
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	36
7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN.....	38
8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.....	51
9. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE.....	53
10. AVALIACIÓN INICIAL.....	53
11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	54
12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	55
13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	56
14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.....	57

## **1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN**

### **1.1. Introducción**

Debemos ter ben presente que as linguas son instrumentos de comunicación e de interacción social e apréndense para falar, ler ou escribir sobre o que nos rodea. Neste contexto, debemos contribuír á formación lingüística dos nosos alumnos e alumnas para que poidan comunicarse de xeito adecuado tanto no ámbito educativo como posteriormente no ámbito laboral.

O Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL), publicado en 2001, é un documento de particularmente trascendente neste senso. Nel desenvólvese a idea de plurilingüismo entre as distintas linguas e culturas e destácase a importancia da competencia lingüística e da circulación de competencias entre as linguas para lograr un maior dominio da linguaxe, clave para a inclusión social e o éxito escolar.

Deste xeito, a nosa finalidade ao longo do proceso educativo é conseguir que o alumnado acade unha competencia comunicativa que lle permita desenvolverse eficazmente en calquera situación comunicativa da súa vida.

Esta programación fundaméntase no establecido na Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), no Real Decreto 1105/2014, de 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE 03/01/2015), e no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 29/06/2015).

### **1.2. Contextualización**

O CPI do Toural é un centro no que se imparten ensinanzas de Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria. O alumnado amosa unha grande diversidade sociocultural. Trátase dun centro que se ubica no entorno rural

caracterizado por unha poboación moi dispersa. A relación co entorno natural así mo a cercanía cos avós e avoas, son unha seña de identidade de gran parte do noso alumnado.

Por outro lado, tamén debemos mencionar a presenza de alumnado de orixe estranxeira, fundamentalmente marroquí, asentado no municipio desde hai anos. A integración deste alumnado é total, pois a maioría xa foran escolarizados no CPI do Toural.

Esta programación vai dirixida ao alumnado de 2º e 4º da ESO, que cursará Francés como segunda lingua estranxeira.

### **1.3. Membros do Departamento**

O Departamento de Francés do CPI do Toural ten un só membro, a docente Susana Corbal Vidal, que figura como profesora definitiva do centro desde o 1 de setembro de 2019, actuando esta coma Xefa do Departamento.

En 2º e 4º da ESO na materia de Francés como Segunda Lingua Estranxeira hai os seguintes grupos:

<b>GRUPO</b>	<b>NÚMERO ALUMNADO</b>	<b>NÚMERO HORAS/SEMANA</b>
2º ESO A	18	2
2º ESO B	18	2
4º ESO A/B	8	3

## **2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

### **2.1. As Competencias Clave**

As orientacións da Unión Europea insisten na necesidade da adquisición das competencias clave por parte da cidadanía como condición indispensable para lograr que os individuos acaden un pleno desenvolvemento persoal, social e profesional.

Seguindo estas orientacións, na Orde ECD/65/2015, de 21 de xaneiro, descríbense as competencias clave seguintes:

1. Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
3. Competencia dixital (CD).
4. Aprender a aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

1. Comunicación lingüística (CCL).

Enténdese por competencia en comunicación lingüística a habilidade para utilizar a lingua, é dicir, para expresar e interpretar conceptos, pensamentos, sentimentos, feitos e opinión a través de discursos orais e escritos e para interactuar lingüísticamente en tódolos posible contextos sociais e culturais. Na comunicación en linguas estranxeiras o desenvolvemento desta competencia debe proporcionar destrezas básicas relacionadas coas habilidades lingüísticas antes mencionadas, aplicadas a un repertorio de situación máis cotiás e limitadas.

## 2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

No marco da sociedade actual, o impacto das matemáticas, das ciencias e as tecnoloxías é determinante.

A competencia matemática require de coñecementos sobre os números, las medidas e as estruturas, así como das operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemáticos (operacións, números, medidas, cantidade, espazos, formas, datos, etc.).

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un acercamento ao mundo físico e á interacción responsable con el. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e as destrezas tecnolóxicas. Para o adecuado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía resulta necesario abordar os saberes científicos relativos á física, á química, á bioloxía, á xeoloxía, ás matemáticas e á tecnoloxía.

## 3. Competencia dixital (CD).

A competencia dixital implica o uso da novas tecnoloxías da información e a comunicación coa finalidade de que o alumnado sexa competente nun entorno dixital de xeito seguro, crítico e creativo.

Para desenvolver adecuadamente esta competencia é necesario abordar os seguintes eidos: a información, así como saber analizala e interpretala, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas.

## 4. Aprender a aprender (CAA).

A competencia de aprender a aprender é fundamental para a aprendizaxe permanente ao longo da vida. Implica a necesidade de que o estudante teña motivación por aprender e xestione esta aprendizaxe de xeito eficaz e autónomo.

Os estudantes deben ser capaces de apoiarse nas aprendizaxes previas co fin de aplicar os novos coñecementos a contextos tanto da vida privada como profesional.

#### 5. Competencias sociais e cívicas (CSC).

As competencias sociais e cívicas implican a participación na vida cívica e social de xeito democrático e activo. A competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo, tanto físico como mental. A competencia cívica baséase no coñecemento crítico de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos. Adquirir estas competencias supón ser tolerante e respectar aos demais.

#### 6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

A competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor implica a capacidade de transformar as ideas en actos. É fundamental para formar futuros cidadáns emprendedores desenvolver a capacidade creadora e de innovación, a capacidade pro-activa, a capacidade de asunción e xestión de riscos, o liderazgo e o traballo individual e en equipo e o sentido crítico e da responsabilidade.

#### 7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A competencia en conciencia e expresión cultural implica coñecer e valorar con espírito crítico as diferentes manifestación culturais e artísticas e consideralas como parte da riqueza dos pobos. Esixe ter unha actitude de interese, aprecio e respecto polas obras artísticas e culturais favorecendo a convivencia social.

### **2.2 Concreción estándares de aprendizaxe / competencias clave.**

Os estándares de aprendizaxe avaliábeles son especificacións dos criterios de avaliación que permiten definir os resultados de aprendizaxe, e que concretan o

que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada materia. Teñen que ter as características seguintes: ser avaliáveis, medibles, públicos, claros, precisos, breves e rigorosos.

A continuación amosaremos as táboas nas que se concretan os estándares de aprendizaxe avaliáveis que forman parte do perfil competencial de Francés Segunda Lingua Estranxeira de 2º e 4º da ESO:

2º ESO	
Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<b>Bloque 2. Producción de textos orais</b>	



2º ESO	
Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSIEE</li> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<b>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

<b>2º ESO</b>	
<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<b>Bloque 4. Producción de textos escritos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB4.3. Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituindo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<b>Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB5.1. Identifica sons e graffas de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>

2º ESO

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>

<b>4º ESO</b>	
<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
<b>Bloque 1. Comprensión de textos orais</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes), sempre que se fale amodo e con claridade.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiás ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<b>Bloque 2. Produción de textos orais</b>	

<b>4º ESO</b>	
<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB2.3. Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<b>Bloque 3. Comprensión de textos escritos</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>

4º ESO

Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB3.4. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>

**Bloque 4: Producción de textos escritos**

<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>

<b>4º ESO</b>	
<b>Estándares de aprendizaxe</b>	<b>Competencias clave</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<b>Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe</b>	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> <li>▪ CSIEE</li> </ul>

### **3. OBXECTIVOS**

Os obxectivos son os referentes relativos aos logros que o alumnado debe acadar ao finalizar cada etapa, como resultado das experiencias de ensinanza-aprendizaxe intencionalmente planificadas a tal fin. Polo tanto, a partir deles desenvolveremos os contidos a través dunha metodoloxía determinada e neles basearanse os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis.

#### **3.1. Da etapa**

A Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as estas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas estas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.



e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### **3.2. Da materia**

Desde a materia de Francés Segunda Lingua Estranxeira contribuiremos a que o alumnado acade os obxectivos seguintes: a), c), d) e i), o).

## **4. CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

Nas táboas que siguen figura a concreción por niveis da temporalización, do grao mínimo de consecución e dos procedementos e instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe avaliable:

2º ESO							
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN			GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN		
	1ª AV.	2ª AV.	3ª AV.		PROBAS ESCRITAS E/OU ORAIS	TAREFAS	OBSERVACIÓN NA AULA
SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.	X	X	X	50%		50%	50%
SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula.	X	X	X	50%		50%	50%
SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.	X	X	X	50%		50%	50%
SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais.	X	X	X	50%		50%	50%
SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso	X	X	X	50%			100%

da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.							
SLEB2.2. Utiliza de xeito espontáneo as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.	X	X	X	50%		50%	50%
SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.	X	X	X	50%		50%	50%
SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos, facer invitacións e ofrecementos elementais (invitar a ir a unha actividade, pedir ou ofrecer algo na clase, etc.), e pedir e dar indicacións moi básicas para ir a un lugar.	X	X	X	50%		50%	50%
SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre o funcionamento de bens e servizos relativos a temas moi cotiáns (horarios dun museo, maneira de chegar, etc.), en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.	X	X	X	50%		50%	50%

SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.	X	X	X	50%	50%	50%	
SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.	X	X	X	50%	50%	50%	
SLEB3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.	X	X	X	50%	50%	50%	
SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia.	X	X	X	50%	50%	50%	
SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.	X	X	X	50%	50%	50%	
SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións.	X	X	X	50%	50%	50%	
SLEB4.3. Escribe avisos, notas, instrucións, tarxetas postais, felicitacións, bandas deseñadas, tiras cómicas e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas.	X	X	X	50%		100%	
SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituindo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (informar, preguntar, invitar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.	X	X	X	50%	50%	50%	

SLEB5.1. Identifica sons e graffas de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	X	X	X	50%		50%	50%
SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.	X	X	X	50%		50%	50%
SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	X	X	X	50%			100%
SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	X	X	X	50%		100%	
SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.	X	X	X	50%		50%	50%

4º ESO							
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN			GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN		
	1ª AV.	2ª AV.	3ª AV.		PROBAS ESCRITAS E/OU ORAIS	TAREFAS	OBSERVACIÓN NA AULA
SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.	X	X	X	50%		50%	50%
SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.	X	X	X	50%		50%	50%
SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.	X	X	X	50%		50%	50%
SLEB1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes), sempre que se fale amodo e con claridade.	X	X	X	50%		50%	50%

SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	X	X	X	50%		50%	50%
SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe.	X	X	X	50%		50%	50%
SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de óntes sobre o contido destas.	X	X	X	50%		50%	50%
SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.	X	X	X	50%		50%	50%
SLEB2.3. Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou	X	X	X	50%		50%	50%



repetir o dito.							
SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita.	X	X	X	50%		50%	50%
SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe.	X	X	X	50%	50%	50%	
SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas.	X	X	X	50%	50%	50%	
SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	X	X	X	50%	50%	50%	
SLEB3.4. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas).	X	X	X	50%	50%	50%	
SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do	X	X	X	50%		100%	

seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles.							
SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.	X	X	X	50%	50%	50%	
SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).	X	X	X	50%	50%	50%	
SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.	X	X	X	50%	50%	50%	
SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada.	X	X	X	50%	50%	50%	
SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	X	X	X	50%		50%	50%
SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da	X	X	X	50%		50%	50%

lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.							
SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	X	X	X	50%			100%
SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	X	X	X	50%		100%	

## **5. METODOLOXÍA**

En relación coa metodoloxía didáctica, os recursos dixitais serán de utilización preferente e as actividades educativas estarán deseñadas para que na medida do posible se poidan desenvolver de forma presencial e non presencial, ademais de se procurará que teñan un carácter eminentemente práctico.

A metodoloxía que se empregará terá sempre en conta a atención á diversidade, e que a aprendizaxe resulte significativa, para logralo fomentárase unha metodoloxía activa onde se vexa favorecido todo tipo de actividades que enriquezan a aprendizaxe progresiva e a avaliación continua.

Asimesmo, precísase dunha metodoloxía socializadora, para potenciar un clima de atención mútua e que non se produza na aula discriminación algunha, polo que dentro do posible se debe fomentar o traballo en equipo e desenvolver técnicas de dinámica de grupos. Isto non estará rifado cunha metodoloxía que sexa á vez individualizada para dar resposta ás necesidades educativas individuais. Non esquecemos que a metodoloxía debe ser tamén globalizadora para favorecer en todo momento tódalas capacidades do alumnado, cognitivas motores, afectivas, de relación interpersoal e inserción social. Por último, e tendo sempre en conta que a aprendizaxe para ser efectiva debe ser significativa, partiremos da zona de desenvolvemento próxima de cada alumno/a, é dicir, que teremos moi en conta os coñecementos previos de cada alumno/a, para a partires de aí, ir construíndo a aprendizaxe. Para conseguilo a metodoloxía tamén ha de ser afectiva para que a convivencia na aula sexa agradable, de respecto mutuo, atendendo aos problemas de autoestima e equilibrio persoal do alumnado.

## **6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

Como material de base para a aula utilizarase o libro de texto e o caderno de exercicios, tanto en soporte físico como dixital. Ademais procuraremos empregar todo tipo de material e recursos complementarios para adaptarnos aos intereses e necesidades dos estudantes, usando, cando sexa posible, recursos dixitais, fundamentalmente, por exemplo:

- Páxinas web francófonas: revistas, xornais, lecturas adaptadas sobre civilización e cultura...
- Actividades en liña de vocabulario, gramática, comprensión oral...
- Cancións e películas en versión orixinal, con subtítulos...
- Actividades en aplicacións como Plickers, Kahoot, Genially, Wordwall, Quizalize...

O método que empregaremos este curso 2022/2023 en 2º e 4º da ESO, é o seguinte:

- Club Parachute, da Editorial Santillana Français.

Tendo en conta o calendario escolar do curso actual, a secuenciación será a seguinte:

<b>CURSO</b>	<b>1º TRIMESTRE</b>	<b>2º TRIMESTRE</b>	<b>3º TRIMESTRE</b>
2º ESO	Unidades 0-1-2	Unidades 3-4	Unidades 5-6
4º ESO	Unidades 0-1-2	Unidades 3-4	Unidades 5-6

Trátase dunha previsión flexible e susceptible de modificacións, que dependerá das características do grupo (diferentes rendementos, necesidade de revisións, utilización de material complementario...), da realización das probas e da súa corrección.

## **7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN**

### **7.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

Os criterios de avaliación son o referente específico para avaliar a aprendizaxe do alumnado. Describen aquilo que se require valorar e que o alumnado debe acadar, tanto en coñecementos como en competencias. Responden ao que se pretende conseguir en cada materia. A continuación amosaremos os criterios de avaliación da materia de Francés Segunda Lingua Estranxeira de 2º e 4º ESO:

#### **2º ESO**

##### **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

- B1.1. Comprender preguntas e informacións relativas á información persoal e pública moi básica (identificación persoal, gustos, etc.), así como instrucións e peticións elementais relativas ao comportamento e actividades na aula.
- B1.2. Usar estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita con axuda de elementos verbais e non verbais, e uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto, e as experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.
- B1.3. Comprender o sentido global e as informacións específicas máis salientables de mensaxes orais sinxelas e moi básicas (por exemplo, onde e cando ocorre algo, seguir instrucións ou indicacións, identificar persoas que posúen algo, obxectos e lugares descritos cun vocabulario básico, etc.) emitidas cara a cara, gravadas ou en soporte multimedia, sobre situacións habituais de comunicación, se se fala moi amodo e con moita claridade.
- B1.4. Comprender o esencial en conversas moi básicas e breves sobre temas

cotiáns habituais e de necesidade inmediata, previamente traballados, relativas ao ámbito persoal e público moi elemental, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible.

## **Bloque 2. Produción de textos orais**

- B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.
- B2.2. Interactuar de xeito sinxelo en intercambios claramente estruturados, utilizando fórmulas moi básicas relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender.
- B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre si mesmo/a e sobre accións e nocións (horarios, datas e cantidades) moi habituais da vida diaria, usando un repertorio básico de palabras e frases moi simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.
- B2.4. Dar e obter información sobre datos básicos persoais e bens e servizos moi elementais, utilizando un repertorio moi básico de expresións moi sinxelas e habituais sobre estes datos.

## **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

- B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recursos ás imaxes, aos títulos e a outras informacións visuais, aos coñecementos previos sobre o tema ou sobre a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.
- B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas, e comprender avisos, obrigas e prohibicións moi sinxelas e predicibles e traballadas previamente, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela e con apoio visual.
- B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos breves, moi

sinxelos e ben estruturados, con conectores moi básicos e relativos a coñecementos e experiencias propias da súa idade.

- B3.4. Comprende textos propios de situacións cotiás próximas onde se dan a coñecer bens se servizos ou acontecementos (anuncios publicitarios elementais, folletos, catálogos, invitacións, etc.), e con apoio visual cando teña certa dificultade.

#### **Bloque 4. Producción de textos escritos**

- B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final) a partir de modelos moi estruturados e con axuda previa na aula.
- B4.2. Completar documentos moi básicos nos que se solicite información persoal.
- B4.3. Escribir mensaxes moi sinxelas e moi breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de necesidade inmediata.
- B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, cunha finalidade determinada propia da súa idade e do seu nivel escolar, e cun formato preestablecido, en soporte tanto impreso como dixital, amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.

#### **Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe**

- B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis básico, recoñecendo o seu significado evidente, e pronunciar e entoar con razoable comprensibilidade, aínda que teña que repetir varias veces para se facer entender.
- B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas, tipográficas e de puntuación, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.
- B5.3. Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os



coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a relacións interpersoais, comportamento e convencións sociais, respectando as normas de cortesía máis básicas nos contextos respectivos.

- B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.
- B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
- B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, e utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, sempre que sexan traballados en clase previamente.

## **4º ESO**

### **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

- B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.
- B1.2. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.

- B1.3. Comprender o esencial en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais básicos, lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades cotiás, etc.), sempre que se fale con lentitude e con claridade.
- B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre descrições, narracións, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes e de necesidade inmediata relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensible, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.
- B1.5. Comprender o sentido xeral e información moi relevante e sinxela de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, previamente traballados, e de programas de televisión tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, sempre que as imaxes porten gran parte da mensaxe.

## **Bloque 2. Producción de textos orais**

- B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.
- B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros máis precisos.
- B2.3. Intercambiar de xeito intelixible información sobre transaccións e xestións cotiás moi habituais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.
- B2.4. Producir textos breves e comprensibles, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal,

cunha linguaxe sinxela.

- B2.5. Dar, solicitar e intercambiar información sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal, educativo ou ocupacional, e xustificar brevemente os motivos de determinadas accións e plans, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e a persoa interlocutora teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito.

### **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

- B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.
- B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas sinxelas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, e con apoio visual.
- B3.3. Comprender información relevante e previsible en textos descritivos ou narrativos breves, sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar.
- B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común.

### **Bloque 4: Producción de textos escritos**

- B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos ben estruturados e traballados previamente.

- B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.
- B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese.
- B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso (adequado ao seu nivel escolar), e amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.
- B4.5. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiás ou do propio interese, nun rexistro formal ou neutro, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoable de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente.

#### **Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe**

- B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, recoñecendo os seus significados evidentes, e pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible con razoable comprensibilidade, malia o acento estranxeiro moi evidente ou erros de pronuncia que non interrompan a comunicación, e que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.
- B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas básicas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común, e os seus significados asociados, con corrección suficiente para o seu nivel escolar.
- B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, incluídas manifestacións artísticas como a música ou o cine), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro docente, nas institucións, etc.), e convencións sociais (costumes e tradicións), respectando as normas de cortesía e máis básicas nos contextos respectivos.

- B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.
- B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.
- B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos de devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión); utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar no seu nivel escolar, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.

## **7.2. INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN**

Os instrumentos de avaliación deseñaranse de forma que permitan determinar o nivel competencial acadado polo alumnado.

### **Instrumentos de avaliación**

Os instrumentos de avaliación son todos aqueles documentos ou rexistros utilizados polo profesorado para a observación sistemática e o seguimento do proceso de aprendizaxe do alumnado e que permiten xustificar a cualificación do alumnado. Para asegurar a obxectividade e a igualdade de condicións, debemos utilizar unha ampla variedade de instrumentos de avaliación. Na materia de Francés Segunda Lingua Estranxeira poderemos empregar os instrumentos seguintes:

- Observación sistemática na aula
- Análise das producións do alumnado
- Probas escritas e/ou orais
- Traballos individuais ou grupais
- Exercicios de comprensión oral
- Rúbricas
- Listas de control

### **Criterios de cualificación**

Decidirase a nota de **cada avaliación** do xeito seguinte:

- O **60%** da nota consistirá nunha proba, que se puntuará sobre 10 e poderá constar de distintos exercicios, como por exemplo:
  1. de comprensión escrita, nos que, por exemplo, se marcará a(s) resposta(s) correcta(s) ou se responderá a preguntas sinxelas sobre o texto escrito.
  2. de expresión escrita, que poderá consistir, por exemplo, nunha descrición, redacción ou carta.
  3. de comprensión e/ou expresión oral, respecto do cal, por exemplo, se marcará a(s) resposta(s) correcta(s) ou se responderá á pregunta demandada no exercicio.
  4. de vocabulario, para relacionar imaxes con palabras, identificar imaxes, sinónimos, contrarios, definicións...
  5. de gramática (encher ocos, escribir oracións, rodear a opción correcta, responder a preguntas ou transformar frases...)

- O **40%** da nota resultará da observación directa na aula e/ou das tarefas e poderase obter por medio de:
  1. Tarefas de comprensión escrita, nos que, por exemplo, se marcará a(s) resposta(s) correcta(s) ou se responderá a preguntas sinxelas sobre o texto escrito.
  2. Tarefas de expresión escrita, que poderá consistir, por exemplo, nunha descrición, redacción ou carta.
  3. Tarefas de comprensión oral, respecto dos cales haberá que marcar a(s) resposta(s) correcta(s), responder a preguntas, encher ocos, elixir entre verdadeiro ou falso...
  4. Tarefas de expresión oral, que poderán consistir en distintos tipos de interaccións como responder a preguntas, entrevistas, diálogos ou presentacións orais individuais ou en grupo.
  4. Tarefas de vocabulario, para relacionar imaxes con palabras, identificar imaxes, sinónimos, contrarios, definicións...
  5. Tarefas de gramática (encher ocos, escribir oracións, rodear a opción correcta, responder a preguntas ou transformar frases...)

Para calcular a nota deste apartado, farase a media dos resultados obtidos nas distintas tarefas, que serán puntuadas de 0 a 10. Se non se indica o contrario, enténdese que todas as tarefas teñen a mesma ponderación.

A **cualificación de cada avaliación** obterase calculando a media ponderada das notas obtidas nos 2 apartados anteriores. Para acadar una cualificación positiva, o alumnado deberá obter unha puntuación mínima de 5 sobre 10.

A **cualificación da avaliación final** da materia será a nota obtida na avaliación previa á avaliación final. Para acadar una cualificación positiva, o alumnado deberá obter unha puntuación mínima de 5 sobre 10.

No caso de que na avaliación previa á avaliación final non obtivese unha cualificación positiva, é dicir, que a nota fose inferior a 5, o alumnado podería presentarse a unha proba final na que sería posible superar a materia na avaliación final.

Tamén se podería subir a nota obtida na avaliación previa á avaliación final, como máximo un punto, a través da presentación das tarefas propostas pola profesora.

## **8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE**

Os indicadores de logro son unha serie de preguntas que nos farán reflexionar sobre a nosa propia práctica docente e o proceso de ensino. Debemos darnos conta de que a acción docente é unha das que máis relevancia ten sobre os logros de aprendizaxe do alumnado. Como docentes trataremos de detectar problemas de aprendizaxe no noso alumnado, analizar o ritmo das clases e ver se é necesario facer algunha modificación da programación.

Podemos sistematizar todas estas cuestións nunha táboa con diferentes graos de satisfacción:

<b>INDICADORES DE LOGRO</b>				
	<b>1</b>	<b>2</b>	<b>3</b>	<b>4</b>
<b>ACTIVIDADES</b>				
Son variadas				
Son adecuadas				
Permiten o uso de recursos diferentes				
Impulsan a participación do alumnado				
Permiten a coavaliación e/ou a autoavaliación				
Utilízanse ferramentas dixitais				
A xestión do tempo é adecuada				
<b>DIVERSIDADE</b>				



Trabállanse actividades con distinto grao de dificultade.				
Dase a cada alumno/a a explicación que precisa				
Respéctanse os distintos ritmos do alumnado				
<b>AVALIACIÓN</b>				
Realízase unha avaliación inicial				
Utilízanse diferentes instrumentos de avaliación				
Os instrumentos de avaliación son obxectivos				
<b>PROGRAMACIÓN</b>				
Adáptase ao currículo vixente				
Infórmase sobre os instrumentos de avaliación e os criterios de cualificación				
A programación é flexible e fanse as modificacións necesarias				
Proporciónase a información necesaria sobre o procedemento para recuperar a materia pendente (se fose o caso)				

LENDA:      1. Nada      2. Pouco      3. Bastante      4. Moito

En conclusión, para poder mellorar a nosa práctica docente, debemos reflexionar sobre ela con rigor e ter capacidade de autocrítica. Así pois, esta análise, se se fai coa axuda de instrumentos válidos, é a mellor vía de formación permanente ao longo da nosa práctica docente.

## **9. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE**

O alumnado que teña a materia de Francés Segunda Lingua Estraxeira pendente será avaliado pola Xefa do Departamento. Proporánselle unha serie de tarefas que deberá ir realizando. Para superar a materia deberá entregar na 1ª e 2ª avaliacións, nas datas que se lle indiquen, as tarefas propostas. As tarefas de cada avaliación serán cualificadas de 0 a 10 e será necesario ter un 5 na media aritmética das dúas avaliacións para obter unha cualificación positiva. Neste caso, o alumnado non terá que facer unha proba. Mentres que se non chegase ao 5 nas tarefas, o alumnado deberá realizar unha proba global na data que a Xefatura de Estudos determine, que consistirá en cuestións similares ás traballadas nas tarefas. A proba será cualificada de 0 a 10 e para ter unha cualificación positiva será necesario obter un 5 como mínimo. Toda esta información entrégaselle ao alumnado ao inicio do curso por escrito.

Este curso escolar non hai ningún alumno/a coa materia de francés pendente.

## **10. AVALIACIÓN INICIAL**

Farase unha avaliación inicial mediante a realización de distintas actividades escritas e/ou orais, exercicios de clase, probas ou tests. Deste xeito, coñeceremos o punto de partida do noso alumnado. Considerámola un instrumento para que a profesora coñeza o punto de partida de cada alumno/a e para que o alumnado se decate sobre todo das súas potencialidades e dos seus coñecementos previos da materia.

A partir dos resultados obtidos na avaliación inicial, poderán detectarse as necesidades individuais ou colectivas de atención e aplicaranse as medidas máis adecuadas. Deste xeito, en función das dificultades e necesidades observadas, faranse revisións de contidos na aula ou facilitaranse recursos en soporte físico ou dixital para repasar ou actualizar contidos.

## 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Como sabemos, un grupo de alumnos e alumnas non é un conxunto homoxéneo no que todos aprenden da mesma maneira nin ao mesmo tempo. Existen distintos ritmos de aprendizaxe e distintos alumnos e alumnas aos que a profesora debe procurar atender para evitar na medida do posible, que o alumnado con dificultades abandone a materia, ao non sentirse capaz de progresar, e que o alumnado que por circunstancias determinadas teña un nivel máis avanzado teña a sensación de estar a perder o tempo.

Por este motivo é conveniente coñecer desde o principio do curso a situación do alumnado con respecto á materia. Para iso levarase a cabo unha avaliación inicial que permitirá á profesora detectar as primeiras dificultades para algúns alumnos e alumnas, e organizar o desenvolvemento da materia en función dos resultados obtidos.

Ao longo do curso e como medidas de atención á diversidade levaranse a cabo:

- Adaptacións da programación, se fose necesario (reducir ou ampliar os obxectivos previstos, modificar a secuenciación prevista para facilitar a aprendizaxe, etc).
- Elaborar distintos procedementos para aquel alumnado que teña dificultades, simplificando no posible as tarefas, ou aumentar a complexidade dos mesmos para o alumnado que teñan maior nivel.
- Atender con explicacións máis sinxelas ou detalladas ao alumnado que necesita reforzo, ben entre profesora/alumno/a, ben entre alumnos/as, mentres os demais realizan tarefas de ampliación ou revisión de contidos.
- Adaptar as probas ao nivel dos distintos alumnos e alumnas, establecer un núcleo común e outras actividades de niveis diferentes para ser realizadas por uns ou outros (segundo a complexidade).
- Crear un clima de colaboración, fomentando o traballo en grupo sempre que sexa posible, o que favorece que o alumnado de maior nivel poida axudar a aqueles

que teñan dificultades, e de respecto cara aos compañeiros que aprenden máis lentamente.

- Colaborar co Departamento de Orientación naqueles aspectos nos que fose necesario para conseguir subsanar dificultades puntuais ou persistentes en alumnado concreto.

## **12. ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

Os elementos transversais son aqueles aspectos definidos pola LOMCE para traballar interdisciplinarmente, en tódalas materias. Así que, son tan importantes como cualquera outra parte da programación. Os elementos transversais que se traballarán desde a materia de Francés Segunda Lingua Estranxeira son os seguintes:

1. A comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica.
2. A prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia.

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, de transxénero, intersexual e pansexual.

3. Actividades que permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
4. Se é posible abordarase a seguridade viaria para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como usuarios/as das vías, en calidade de

peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

5. Comunicación audiovisual e TIC: o uso das tecnoloxías de a información e a comunicación estará presente en todo momento, xa que a nosa metodoloxía didáctica incorpora un emprego de tales recursos dunha maneira moi activa. O alumnado non só terá que facer uso das TIC para traballar determinados contidos (a través de vídeos, simulacións, interactividades...) senón que poderá empregalas para comunicar aos demais as súas aprendizaxes, mediante a realización de presentacións (individuais e/ou en grupo), a gravación de audios, etc.

6. Educación en valores: o traballo colaborativo, elemento importante do noso enfoque metodolóxico, permite fomentar o respecto aos demais, practicar tolerancia, a cooperación e a solidariedade, así como a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes.

7. Noutra orde de cousas, será igualmente importante a valoración crítica dos hábitos sociais e o consumo, así como o fomento do coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

### **13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

As actividades complementarias e extraescolares contribúen a lograr unha formación plena do alumnado. Este tipo de actividades permite que desenvolvan valores relacionados coa socialización, a participación e a cooperación. En definitiva, este tipo de actividades son moi importantes pois promoven no alumnado un sentimento de pertenza ao centro e ao grupo, axudan a conseguir que adquiran unha maior autonomía e responsabilidade, favorecendo a súa autoestima, favorecen a sensibilidade, a curiosidade, a creatividade e posibilitan que o noso alumnado amplíe o seu horizonte cultural.

O Departamento de Francés considera a posibilidade de propoñer este curso escolar algunha(s) das seguintes actividades complementarias e extraescolares:

- Asistir a unha obra de teatro en francés, neste curso a obra seleccionada é:  
Le tour du monde en 80 jours. Será o día 1 de decembro no Teatro La Salle de Vigo.
- Realización de xornadas conmemorativas sobre cuestións culturais e de civilización de Francia e territorios francófonos, co gallo do Nadal, a Candelaria, o Entroido ou algún outro evento salientable.
- Organización de actividades de vídeo clube, en particular algunha proxección de películas dobradas ou en V.O.
- Participación en concursos ou exposicións que teñan que ver coa materia.
- Participación (pode ser xunto con outros departamentos) nas actividades programadas ao longo do curso polos museos e organismos de divulgación de Galicia, do estado ou do estranxeiro.

#### **14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

Do mesmo xeito que se regula a avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe, é conveniente que se avalíe a presente programación. En función do resultado das análises do proceso de ensino e da práctica docente, ao longo do curso ou ao remate do mesmo, haberá que decidir que se mantén, que se engade, que se elimina ou que se modifica. Para elo podemos ter en conta os seguintes indicadores:

	Escala			
	1	2	3	4
Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas.				
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades.				
Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				

Adecuación do libro de texto.				
Adecuación da proba de avaliación inicial.				
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

LENDA:      1. Nada      2. Pouco      3. Bastante      4. Moito

En Vilaboa, a 8 de setembro de 2022.

Visto e prace, o Departamento de Francés.



Asdo: Susana Corbal Vidal

Xefa do Departamento